# APLICACIÓN PARA A XESTIÓN DOS PROCESOS DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

## MANUAL DE USO DA APLICACIÓN PSPDI
## -MÓDULO DE VALORACIÓN-

versión 2.57.0

Abril 2023

# ÍNDICE

A. ACCESO Á APLICACIÓN
- Acceso á aplicación para presidente e secretario da comisión
- Pantalla inicial – Concursos – Descrición
- Acceso á aplicación para os Vogais

B. ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

C. INICIO DE TRABALLOS DE 1º FASE

D. 1º FASE
1. Descarga de arquivos
2. Valoración das solicitudes
   a) Suspensión de actividade
   b) Rendemento académico
   c) Traxectoria académica
   d) Calidade docente
   e) Experiencia investigadora
   f) Experiencia profesional
   g) Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios
   h) Outros méritos
3. Documento de Análise individual de méritos (AIM)
4. Resumo das epígrafes
5. Resumo final da solicitude

E. ACTA DE VALORACIÓN DE 1º FASE

F. 2º FASE

G. ACTA DE VALORACIÓN DE 2º FASE E ACTA FINAL

H. ACORDO DE NON PROVISIÓN

I. PROCESO DE RECLAMACIÓN

# A. ACCESO Á APLICACIÓN

## 1. Acceso á aplicación para presidente e secretario da comisión

O acceso ao módulo de Valoración está limitado soamente a os membros que son Presidente ou Secretario
Imos acceder con as nosas credenciais de usuario da USC (correo electrónico e contrasinal)
A URL de acceso é: https://aplicacions.usc.es/pspdi/valoracion/concursos
A pantalla de acceso é a xenérica para todas as aplicacións corporativas da USC, usando o Sistema de identificación centralizado:




Unha vez iniciada correctamente a sesión, a pantalla que mostra a aplicación é a do listaxe xeral dos concursos nas que a persoa é Presidente ou Secretario da comisión:




Para acceder ao concurso desexado, prémese a icona en forma de ollo baixo a columna "Accións"

No caso de que o membro da comisión sexa un Vogal, non vai ter permisos de acceso á plataforma de Valoración nesta aplicación.

O seu acceso será mediante unha URL que o Presidente ou o Secretario lles vai facilitar.
Esta URL terá un formato similar a: https://aplicacions.usc.es/pspdi/valoracion/concurso/00304fxc

**O acceso non estará dispoñible para os vogais ata logo da publicación da Constitución da Comisión e do Anuncio de Comezo dos Traballos de 1º Fase**. Usando esta URL, os vogais poden acceder para descargar un arquivo .ZIP que proporciona a aplicación con todos os documentos aportados por cada aspirante en cada un dos apartados e méritos.
Este documento .ZIP é para que os vogais poidan facer, en modo "*desconectado*" no seu propio ordenador, unha revisión previda de todas solicitudes, méritos e documentación aportada polos aspirantes.
Cando acceden á URL proporcionada, terán que seguir estes pasos para descargar ese arquivo .ZIP:















Con esta última Acción "*Descargar arquivos*" terán no seu ordenador o arquivo .ZIP

## B. ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Logo de acceder (*Presidente ou Secretario*) ao concurso no que se vai traballar, a pantalla que se vai mostrar é a de Constitución da Comisión, xa que é o trámite inicial requerido:




Este é un acto "oficial" no que a comisión ten que estar reunida para encher o formulario de Acta de Constitución. Presidente ou Secretario debe cubrir toda a información solicitada neste formulario. Si a reunión é "**Telemática**", a Localidade e o centro de actuación son opcionais. O Centro de actuación ben xa cuberto con o centro asignado polo Servizo no momento da creación do concurso, aínda que, por suposto, a Comisión pode cambiar.

Indicarase cada un dos membros que, finalmente, formarán parte da Comisión. Nesta versión da aplicación, é preciso indicar un total de 5 membros e NON é posible escoller dous membros que teñan o mesmo cargo (*aínda que logo desempeñen funcións distintas*):

Membros da comisión

| Cargo | Titulares | Suplentes |
|---|---|---|
| Presidente | ◉ DANIEL RIVEIRA RUANOVA | ○ MANUEL LOPEZ LOPEZ |
| Secretario | ◉ ANGEL VILLAR | ○ MARIA SOLEDAD GUITIERREZ |
| 1º vogal | ○ LUCIA SANCHEZ LOPEZ | ◉ ROSA HERNANDEZ GARCIA |
| 2º vogal | ◉ EDUARDO JOSE PAZ VAL | ○ PEDRO MARTINEZ EDREIRA |
| 3º vogal | ○ PILAR NAVARRO SERRANO | ◉ VALENTIN FERNANDEZ GOMEZ |

Os Criterios de valoración, tanto da 1º Fase como da 2º Fase que aquí se indiquen, son soamente necesarios para que a aplicación os poida "pintar" nas distintas Actas e documentos nos que se require esa información pero, en ningún caso, limitarán as valoracións nin que/cantos aspirantes superan as distintas fases como veremos máis adiante.

A aplicación ofrece a descarga dun documento, en formato Microsoft Word, con modelo oficial de **Criterios de valoración** para que a comisión o descargue, o cubra e o axunte neste formulario **en formato PDF**.
Nese modelo Word, a comisión debe cubrir, no encabezado, o código de concurso e a Área de Coñecemento.

É moi importante que, a comisión NON MODIFIQUE os valores máximos nin as puntuacións por apartado que aparecen xa no modelo Word, xa que veñen establecidos pola normativa e a categoría do concurso.

Unha vez cuberto o modelo e convertido a formato PDF, a comisión o axuntará no campo indicado para el, no formulario web da Acta de Constitución. A comisión NON debe asinar o documento PDF antes de axuntalo. A propia aplicación o asinará máis adiante xunto con a Acta de Constitución. No caso de axuntar un PDF con sinatura electrónica, a aplicación vai dar un erro "non controlado" no momento de GARDAR a Acta




Finalmente, pódese indicar unhas observacións que aparecerán no documento público da Acta de Constitución.

Unha vez rematado o formulario, prémese o botón GARDAR.




Neste momento, a Acta de Constitución queda gardada na Base de datos e pode ser modificada cantas veces se precise. Tamén pódese descargar un borrador da Acta, cousa moi recomendable para revisar como queda o documento PDF que, finalmente, vaise publicar no Taboleiro da USC.



Cando a comisión estea de acordo con os datos indicados para a Acta, terá que usar a Acción “**Constituír e enviar a asinar**”. A aplicación enviará ao portasinaturas **corporativo** da USC, un documento .ZIP para que, o Presidente e o Secretario, o asinen dixitalmente e finalmente quede publicado no taboleiro da USC.




Logo de premer “Constituír e enviar a asinar”, a aplicación mostra unha nova Acción “**Acceder ao portasinaturas**” o que facilita que, a persoa que estea identificada e cubrindo a Acta, poida remontar directamente ao seu portasinaturas para asinar esta Acta.

Como a Acta te que ser asinada por Presidente e Secretario, o que non estivera cubrindo a Acta, deberá acceder tamén ao seu portasinaturas para rematar as dúas sinaturas.

A ligazón para o Portasinaturas corporativo da USC é:
https://aplicacions.usc.es/eadmin/sinatura/portasinaturas/inicio.htm

Mentres o documento de Acta non estea asinado por ambos responsables, non se publicará a Acta no Taboleiro da USC, e a aplicación deixará “*bloqueado*” o concurso.

Si algún dos responsables **rexeita** a sinatura da Acta no seu portasinaturas, a aplicación permitirá volver a editar a Acta para posibles correccións. Logo de isto, é preciso repetir os pasos de: “Gardar”, “Constituír e enviar a asinar” e asinar a Acta no portasinaturas de ambos responsables.

É recomendable que, antes de asinar o documento de Acta, algún dos responsables descargue e revise os documentos que se van a publicar:






O procedemento para asinar ou rexeitar o documento de Acta, e o habitual no portasinaturas corporativo.

Cando se remata ambas sinaturas, a Acta aparecerá publicada no taboleiro da USC en poucos minutos.

Tódolos membros da comisión reciben un correo indicando a publicación da Acta de Constitución no taboleiro da USC, con este formato:


Publicación da Acta da comisión para o concurso 001FX/22-23

SD SPDocente@usc.gal
Para Riveira Ruanova Daniel
Responder | Responder a todos | Reenviar
lu. 10/04/2023 17:13

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC a acta da comision no concurso 001FX/22-23

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

Premendo na ligazón que aparece no correo, podemos remontar á publicación da Acta:


USC Virtual Centros Departamentos Servizos Directorio Sede electrónica Emprego Mecenado Xornal
USC Estudos Admisión Investigación USC Vida GL
Sede electrónica
Servizos xerais Servizos persoais Información da sede

Servizos xerais / Taboleiro de anuncios

Acta de constitución da comisión de selección e criterios de valoración do concurso 001FX/22-23

Acta de constitución da comisión de selección e criterios para a valoración de méritos e probas do concurso 001FX/22-23

**Documentos asociados**

**Acta de constitución da comisión de selección do concurso 001FX/22-23**

- Ficheiro: 01_acta_constitucion.pdf.pdf
- Descrición: Acta de constitución da comisión de selección do concurso 001FX/22-23
- Pegada dixital: 2d92ba0d67003f93feeb4b26fc4ad2664a466a1ac87bca75a5fbc6f59f480cd1 (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

**Criterios para a valoración de méritos e probas do concurso 001FX/22-23**

- Ficheiro: 02_criterios_valoracion.pdf.pdf
- Descrición: Criterios para a valoración de méritos e probas do concurso 001FX/22-23
- Pegada dixital: dad3a645e2f3d0289fbc6864a640acb72225b8ce22eb29280a184f0a0d813972 (SHA-256)
- Idioma(s): galego, español
- Acceso público

**Información da publicación**

- Publicación dende: 10/04/2023
- Publicación ata: 07/10/2023
- Xustificante de publicación: https://probasaplicacions.usc.es/csv/15CD-8B6B-4C8C-8480

**Clasificación**

- Categoría: Convocatorias de oposicións e concursos
- Tema: Convocatorias PDI
- Públicos obxectivos: persoal docente e investigador contratado, persoal de administración e servizos funcionario

A partir da publicación de este Acta, a comisión xa podería continuar con o seguinte paso na valoración do concurso.

## C. INICIO DE TRABALLOS DE 1º FASE

Requisito previo a comezar a valoración da 1º Fase do concurso, é a publicación do "**Anuncio de comezo dos traballos de 1º Fase**"

O Presidente ou Secretario volve a acceder a aplicación web:

https://aplicacions.usc.es/pspdi/valoracion/concursos

e a o concurso no que quere traballar premendo na icona en forma de ollo á dereita do concurso.

Agora a pantalla mostrase así:




Premese a Acción "**Fase 1º**". No caso de que a aplicación amose esta mensaxe:




A comisión debe poñerse en contacto co Servizo de Planificación de PDI para coordinar cando poderán comezar a valoración da 1º Fase, xa que ese mensaxe indica que o Servizo aínda está traballando na revisión e valoración previa das solicitudes.

Normalmente, o Servizo xa avisa ao Presidente e/ou Secretario do remate de esta revisión.

Unha vez que o Servizo **habilita** o acceso ás solicitudes por parte da Comisión, esta xa poderá comezar os traballos de 1º Fase:



Logo de pulsar o botón "Continuar" na panela de confirmación anterior, a aplicación envía o documento de publicación ao portasinaturas de Presidente e Secretario para que ambos o asinen.
A aplicación ofrece o acceso ao portasinaturas á persoa que estea conectada na aplicación. O outro responsable terá que acceder ao portasinaturas corporativo da USC con o seu usuario.

https://aplicacions.usc.es/eadmin/sinatura/portasinaturas/inicio.htm




Así aparece este documento no portasinaturas:




No detalle do documento recibido, podemos **descargar** o arquivo(1) que se vai publicar no Taboleiro da USC para cotexo previo. Podemos **asinar**(2) ou **rexeitar**(3) (no caso de atopar algún erro logo de revisar o documento(1) ). Tamén podemos ver si xa están feitas as dúas sinaturas requiridas(4)



Cando ambos responsables teñan asinado o documento, o anuncio aparecerá no Taboleiro da USC:

## Últimos anuncios publicados

**13/04/2023** **Anuncio de comezo da primeira fase do concurso 001FX/22-23**

Anuncio da comisión de selección do concurso 001FX/22-23 de comezo dos traballos da primeira fase correspondentes á valoración do currículum (méritos e historial académico).

Envíase un correo aos aspirantes, informando da publicación de este anuncio:

Anuncio do comunicado para o inicio da primeira fase da comision para o concurso 001FX/22-23

SD SPDocente@usc.gal
Para Daniel

Responder | Responder a todos | Reenviar

ju. 13/04/2023 11:50

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC o comunicado para o inicio da primeira fase da comision para o concurso 001FX/22-23

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

# D. 1º FASE

## 1. <u>Descarga de arquivos</u>

Neste momento, todos os membros constituídos na Comisión poderán descargar un arquivo .ZIP con toda a documentación de cada solicitude, de xeito que poidan (*especialmente os vogais*) facer a revisión no seu propio ordenador sen estar conectados á aplicación web.

Como indicamos nun apartado anterior do manual, os vogais terán acceso á descarga de este documento usando a ligazón que o Presidente ou Secretario lles tiveron que compartir.




Queda un arquivo exemplo na carpeta do manual da aplicación.

2. **Valoración das solicitudes**

Na listaxe de solicitudes aparecen soamente as solicitudes admitidas definitivamente.
Cada solicitude ten un estado **Si/Non** de "**Valorada na primeira fase**"(1) . Poñendo o cursor do rato enriba do estado de cada unha das solicitudes, aparece a información de que epígrafes faltan por valorar.
**Todas as solicitudes teñen que estar completamente valoradas** para que a comisión poda crear a Acta de valoración de primeira fase.




Para proceder coa valoración de cada solicitude, prememos a icona OLLO(2) da solicitude desexada

Ao acceder a unha das solicitudes, preséntase un resumo de cada epígrafe e apartado. A comisión ten que acceder a cada epígrafe(1) para valorar os méritos de cada un de eles:



a) **Suspensión de actividade**

Este epígrafe soamente é para información da comisión. Non se puntúa.
A comisión pode ver os detalles do mérito premendo na icona OLLO (1)






**b) Rendemento académico**

Común a os méritos de todos os epígrafes é que, o cor de fondo, indica:

- Si é VERDE que o mérito **NON ESTÁ GARDADO NA BASE DE DATOS** (*non está valorado*)
- 
- Si é GRIS que o mérito foi marcado polo Servizo de Planificación de PDI como **NON VALORABLE POLA COMISIÓN**

Por cada mérito, a comisión pode revisar o detalle premendo na icona OLLO (1), valorar escollendo unha afinidade(2) ou poñendo unha puntuación numérica(4) dentro dos parámetros de máximo e mínimo establecidos na normativa.
En todos os apartados hai un botón "Gardar"(3) . É **IMPRESINDIBLE** que a comisión pulse este botón en todos os apartados, aínda que o apartado non teña méritos para valorar, xa que esta acción "Gardar" ten tamén como finalidade confirmar que a comisión revisou o apartado e os méritos (teña ou non teña) e está conforme con a puntuación outorgada.




Logo de escoller a afinidade ou indicar unha puntuación, a aplicación calcula a puntuación total:



Excepto nos apartados 1.1 e 1.2, a comisión ten, ademais, que indicar si VALORA o mérito ou NON.




No caso de indicar que NON SE VALORA o mérito, debe indicarse unha descrición do motivo. A aplicación eliminará a puntuación posta nun mérito si a indicación de VALORABLE é NON




Neste caso, o apartado 1.3.2 Premios NON TEN méritos valorables pola comisión pero, aínda así, a comisión debe premer o botón GARDAR:



**c. Traxectoria académica**

Funcionamento similar a Rendemento académico



### d. Calidade docente

Exemplo de aviso por parte da aplicación no caso de poñer unha puntuación fora dos límites establecidos pola normativa.




**É importante que a Comisión "peche" esta mensaxe vermella logo de léela, xa que a aplicación non o vai facer e pode levar a confusión cando GARDEN outro apartado xa que, como a mensaxe continúa amosándose, poden pensar que é referida a algún erro nos datos de ese novo apartado.**

**e. Experiencia investigadora**

Funcionamento similar ás anteriores




Hai apartados, como o 4.5 Estadías de investigación, que a Comisión **PODE MODIFICAR** a duración do mérito si considera que o aspirante errou na indicación das datas inicio ou fin. Para isto, a comisión ten que, primeiro marcar o mérito como VALORADO(1), GARDAR(2), e logo que acceder ao detalle do mérito(3):



Dentro do detalle do mérito a comisión modificará o valor do campo **Duración efectiva(meses)(4),** indicará una **observación(5)** e **GARDARÁ** o mérito(6)




A aplicación volve a calcular o total da puntuación do mérito usando a nova duración:



4.5 Estadías de investigación. Máximo 3 estadías.

| País/Institución | Valorado | Inicio/Fin | Duración/meses | Duración efectiva(meses) | Puntuación | Accións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Malta/Institute of Linguistics and Language Technology, University of Malta | Si | 14/04/2021-14/07/2021 | 3.0252 | 4.1000 | 1.025 | |

**f. Experiencia profesional**

Funcionamento similar ás anteriores. Aquí tamén é posible modificar a duración efectiva dos méritos:




**g. Habilitación ou acreditación para figuras de profesorado e corpos docentes universitarios**

No caso de concursos da categoría de Asociado ou Asociado de CC. Da Saúde, temos un epígrafe adicional baixo esa denominación






O detalle do mérito:



## h. Outros méritos

Funcionamento similar ás anteriores.



### 3. Documento do Análise individual de méritos (AIM)

Logo de rematar a valoración dunha solicitude, a comisión pode descargar o PDF que reflexa a análise individual de méritos (*queda un documento exemplo na carpeta do manual*)

### 4. Resumo das epígrafes

Pode visualizar na pantalla do navegador un resumo das epígrafes




### 5. Resumo final da solicitude

Tamén pode ver un resumo final da puntuación obtida pola solicitude



Aínda que as puntuacións NON SERÁ REAIS ATA QUE TODAS AS SOLICITUDES ESTÉN COMPLETAMENTE VALORADAS, xa que dependendo dos máximos acadados, pode existir PONDERACIÓN nos totais

Vemos un exemplo no Resumo das puntuacións da epígrafe 6 entre dous candidatos.
O primeiro de eles que é o que acadou a puntuación máxima:

Nota máxima da epígrafe: 5.0

| Resumo das puntuacións da epígrafe | |
|---|---|
| Puntuación [illegible] total de 6. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores | |
| 6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras. | 0.0000 |
| 6.2 Outras titulacións universitarias oficiais. | 2.0000 |
| 6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura e outros. | 0.0000 |
| 6.4 Experiencia na xestión universitaria. | 0.0000 |
| 6.5 Outras actividades docentes. | 1.0000 |
| 6.6 Outras actividades de investigación. | 1.0000 |
| 6.7 Outras actividades de transferencia e divulgación. | 3.0000 |
| 6.8 Habilitación ou acreditación para corpos docentes de nivel superior ao da praza en concurso. | 0.0000 |
| 6.9 Título de especialista relacionado coa área obxecto do concurso (só no caso de áreas de coñecemento con disciplinas de contido clínico). | 0.0000 |
| Puntuación total da persoa candidata na epígrafe | 7.0000 |
| Puntuación de referencia para a normalización | 7.0000 |
| **Puntuación final da persoa candidata na epígrafe** | 5.0000 |

E esta é a puntuación establecida para outro dos aspirantes, que tivo puntuación por debaixo do máximo no epígrafe e que, polo tanto, a súa puntuación final é ponderada en relación á puntuación acadada polo aspirante que obtivo a máxima:

Nota máxima da epígrafe: 5.0

| Resumo das puntuacións da epígrafe | |
|---|---|
| Puntuación no total de 6. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores | |
| 6.1 Coñecementos de linguas estranxeiras. | 0.2300 |
| 6.2 Outras titulacións universitarias oficiais. | 0.0000 |
| 6.3 Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura e outros. | 0.0000 |
| 6.4 Experiencia na xestión universitaria. | 1.0000 |
| 6.5 Outras actividades docentes. | 0.0000 |
| 6.6 Outras actividades de investigación. | 0.0000 |
| 6.7 Outras actividades de transferencia e divulgación. | 0.0000 |
| 6.8 Habilitación ou acreditación para corpos docentes de nivel superior ao da praza en concurso. | 1.0000 |
| 6.9 Título de especialista relacionado coa área obxecto do concurso (só no caso de áreas de coñecemento con disciplinas de contido clínico). | 0.0000 |
| Puntuación total da persoa candidata na epígrafe | 2.2300 |
| Puntuación de referencia para a normalización | 7.0000 |
| **Puntuación final da persoa candidata na epígrafe** | 1.5929 |

**No caso de que algún dos aspirantes RENUNCIE á súa solicitude logo de ser admitido definitivamente, a solicitude aparecerá na listaxe pero con a indicación de "*Renunciada*" e a comisión non poderá facer a valoración. A aplicación marcará automaticamente que dita solicitude NON Supera 1º Fase.**

A solicitude Renunciada amosaríase así, no listado de solicitudes do concurso:

| Documento | Nome | Valorada na primeira fase | |
|---|---|---|---|
| 33 | VIRGINIA | Non | Renunciada |
| 32 | Daniel | Non | |

Móstranse 2 resultados de 2

## E. ACTA DE VALORACIÓN DE 1º FASE

Cando todas solicitude estean completamente valoradas, a comisión xa poderá xerar a Acta de Valoración de primeira Fase premendo na Acción “**Acta valoración primeira Fase**”. Si no estiveran todas valoradas, a aplicación avisa con esta mensaxe cando se preme nesa Acción:




Revisamos esa solicitude pendente de valorar e daquela xa é posible xerar a Acta de valoración de primeira fase. O formulario presenta primeiro a lista, ordenada de maior puntuación a menor, de solicitudes para que sexa a propia comisión cales **SUPERAN FASE.** A comisión DEBE MARCAR aquelas que SI Superan Fase e logo premer a Acción “**Editar Acta**” para encher o documento de acta:



A edición do documento de Acta preséntase así:



Módulo de valoración para os procesos de selección PDI    Concursos

Concurso (001FX/22-23) / Solicitudes do concurso / Listaxe de solicitantes admitidos do concurso / Acta de valoración da primeira fase

## Datos xerais da convocatoria

| Ano | Código | Procedemento | Data de publicación |
|---|---|---|---|
| 2023 | 20/22-23 | Ordinario | 06/03/2023 |

## Concurso

| Código | Ano | Categoría | Número de prazas |
|---|---|---|---|
| 001FX/22-23 | 2023 | Profesorado axudante doutor | 1 |

## Acta de valoración da primeira fase

### Datos xerais

**Acordo da comisión por:** Unanimidade

**Data e hora de inicio da reunión:** Data e hora de inicio da reunión

**Data e hora de fin da reunión:** Data e hora de fin da reunión

☐ Telemático

**Localidade da reunión:** Localidade da reunión

**Centro de actuación:** Facultade de Filoloxía

### Membros asistentes á reunión

| Cargo | Persoa | Asistiu |
|---|---|---|
| Presidente | DANIEL RIVEIRA RUANOVA | ☐ |
| Secretario | ANGEL VILLAR | ☐ |
| 1º vogal | ROSA HERNANDEZ GARCIA | ☐ |
| 2º vogal | EDUARDO JOSE PAZ VAL | ☐ |
| 3º vogal | VALENTIN FERNANDEZ GOMEZ | ☐ |

**Incidencias e observación**

Incidencias e observación

### Convocatoria para a celebración da segunda fase do concurso

☐ Orden de intervención individual

**Lugar:** Lugar

**Localidade:** Localidade

**Data de celebración:** Data de celebración

**Primeiro aspirante en intervir:** DANIEL Ape1 Ape2 (32600000F)

Gardar

A comisión ten que cubrir este formulario, indicando na para da "*Convocatoria para a celebración da segunda fase do concurso*" o lugar, localidade, data de celebración e que aspirante vai ser o primeiro en intervir. Cando se marca "*Telemático*" a localidade e o centro de actuación son opcionais.

No caso de marcar "*Orde de intervención individual*", ese apartado do formulario cambia e permite indicar o número de orde a cada aspirante:




Unha vez cuberto e gardado correctamente este formulario, a Comisión pode descargar o borrador da Acta de 1º Fase e o borrador da Acta de valoración para a súa revisión.

Cando a Comisión estea conforme con os documentos de Acta, para facer a publicación no Taboleiro da USC, ten que usar a Acción do menú: "**Enviar a asinar**". A continuación o Presidente e Secretario teñen que acceder ao seu portasinaturas corporativo da USC en asinar (*ou rexeitar si finalmente atopan algún erro)* o documento:



Portasinaturas:




Como sempren no portasinaturas podemos descargar o documento(1) para revisalo antes de asinar(2) ou rexeirar(3). Tamén podemos comprobar o estado das distintas sinaturas requeridas(4)
Este documento .ZIP, que se asina, contén os PDF das dúa actas e os PDF dos documentos de Análise Individual de Méritos de cada unha das solicitudes valoradas.




Mentres o documento estea pendente de sinatura, si a Comisión accede de novo á 1º Fase, na aplicación web, poderá comprobar que non é posible a modificación das valoracións nin da Acta. O concurso queda "bloqueado" ata que se asine ou rexeite a Acta no portasinaturas.
No caso que algún dos asinantes **rexeite** a sinatura, o estado do concurso/acta de 1º Fase na aplicación web volve a estar "desbloqueado" e a Comisión poderá facer cambios nas valoracións e no formulario de Acta para, logo volver a "Enviar a asinar" con os cambios actualizados.

Unha vez asinado completamente o documento de Acta da 1º Fase, aparecerá o anuncio no Taboleiro da USC e se envía un correo a cada aspirante e membro constituído da comisión:

**14/04/2023** **Acta e valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23**

Acta e valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23

A publicación inclúe o documento de Acta de 1º Fase e o documento de Acta de Valoración da 1º Fas, pero NON se publican os documentos de Avaliación Individual de Méritos (*quedan documentos exemplo na carpeta do manual da aplicación):*

# Acta e valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23

Acta e valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23

## Documentos asociados

### Valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23

- Ficheiro: 04_valoracion_primeira_fase.pdf.pdf↗
- Descrición: Valoración da primeira fase do concurso 001FX/22-23 (currículum: méritos e historial académico, docente, investigador e profesional)
- Pegada dixital: 95ac59701ad33cc9f7f6d3c103d1ce585aecd09a79ec820bb974413157503d23 (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

### Acta da primeira fase do concurso 001FX/22-23

- Ficheiro: 05_acta_primeira_fase.pdf.pdf↗
- Descrición: Acta da primeira fase do concurso 001FX/22-23 (valoración do currículum: méritos e historial académico)
- Pegada dixital: c1f67351b622663ec0e48b3d6f43c3645453774ce2dcafd57e82c07f88729d33 (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

## Información da publicación

- Publicación dende: 14/04/2023
- Publicación ata: 11/10/2023
- Xustificante de publicación: https://probasaplicacions.usc.es/csv/C712-91E9-4F33-89FB↗

## Clasificación

- Categoría: Convocatorias de oposicións e concursos
- Tema: Convocatorias PDI
- Públicos obxectivos: persoal de administración e servizos funcionario, persoal docente e investigador contratado

O correo que se envía aos membros constituídos da comisión é:


Publicación da acta de valoración da primeira fase para o concurso 001FX/22-23

SPDocente@usc.gal
Para Daniel
Responder | Responder a todos | Reenviar
vi. 14/04/2023 10:07

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC a acta da comision no concurso 001FX/22-23

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

O correo que se envía aos aspirantes que superan a 1º Fase é:


Publicación da acta de valoración da primeira fase para o concurso 001FX/22-23

SPDocente@usc.gal
Para Daniel
Responder | Responder a todos | Reenviar
vi. 14/04/2023 10:07

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC a acta da comision no concurso 001FX/22-23

Pode consultar a información completa da solicitude en: https://probasaplicacions.usc.es/pspdi/publica/solicitude/4918/detalle

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

A ter en conta que os concursos de categoría **Asociado de Ciencias da Saúde** SOAMENTE teñen FASE 1º, polo que no proceso de publicación de esta fase, tamén se crea e publica a Acta Final. O proceso de Acta Final e similar ao resto de categorías. Revisar este apartado ao final do manual.

## F. 2º FASE

Para acceder á 2º Fase do concurso, usamos a Acción do menú:




A normativa indica que debe pasar 2 días dende a publicación da acta de 1º Fase ata convocatoria de aspirantes a 2º Fase. No caso de que a comisión acceda á 2º Fase antes de que pase ese tempo, a aplicación mostra este aviso:




A Comisión pode continuar si axunta un documento de renuncia dos aspirantes, ao cumprimento de ese prazo de 2 días.



O módulo de 2º Fase é similar ao da 1º Fase. Amósanse todas as solicitudes que superaron a 1º Fase con a indicación de si están completamente valoradas en 2º Fase ou NON.

Para facer a valoración de cada solicitude, prememos na icona OLLO de cada solicitude.

O formulario de valoración de 2º Fase presenta os apartados que a comisión debe puntuar:

- **Contido e adecuación do proxecto de actividades docentes á materia**
- **Claridade expositiva**
- **Capacidade de resposta ás cuestións formuladas no debate**

A aplicación calcula o total de eses tres apartados

Tamén permite axuntar un documento PDF (*soamente un*) con o **Resumo presentado polo aspirante**




Na versión actual da aplicación, é obrigatorio puntuar os 3 apartados e axuntar un documento resumo para que a solicitude quede completamente valorada. No caso de que o aspirante non entregue o documento resumo ou non se presente á entrevista, a Comisión deberá puntuar con 0 cada apartado e axuntar un documento PDF elaborado pola propia Comisión no que o contido sexa unha xustificación indicando que o aspirante non presentou resumo.

No caso de que algún dos aspirantes RENUNCIE á súa solicitude logo de pasar a 2º Fase, a solicitude aparecerá na listaxe pero con a indicación de "***Renunciada***" e a comisión non poderá facer a valoración. A aplicación marcará automaticamente que dita solicitude **NON** Supera 2º Fase.

## G. ACTA DE VALORACIÓN DE 2º FASE E ACTA FINAL

Logo de ter valoradas todas as solicitudes nesta fase, a Comisión poderá acceder a "**Acta de valoración de segunda fase**"




Neste acta, a Comisión deberá indicar que solicitudes superan 2º Fase, marcando o recadro de cada solicitude (**marcado significa que SI supera 2º Fase**). A continuación acceden a "**Editar a acta**"



O formulario de Acta de 2º Fase amosase así:




Unha vez cuberta e GARDADA, a Comisión poderá descargar os borradores das distintas actas que conforman esta Fase para a súa revisión.



Cando a Comisión estea de acordo con a información reflexada nas actas, deberá usar a Acción “**Enviar a asinar**” para que a aplicación envíe todos os documentos ao portasinaturas corporativo da USC do Presidente e Secretario.




Como nas actas anteriores, si algún dos asinantes rexeita a sinatura, a aplicación permitirá volver a acceder á valoración das solicitudes e ao formulario de Acta de 2º Fase, en outro caso, a Acta quedará “bloqueada” e xa non se poderá modificar.

É recomendable que o Presidente ou Secretario descarguen(1) o documento .ZIP antes de asinar no portasinaturas para o súa última revisión. (*Queda un documento .zip de exemplo na carpeta do manual da aplicación)*

Logo de rematar todas as sinaturas, a aplicación publicará o anuncio da Acta de Valoración de 2º Fase e o anuncio da Acta Final do concurso, no Taboleiro da USC.



A aplicación envía correo informando da publicación de esta Acta a todos os aspirantes e a os membros constituídos na comisión.

Exemplo de correo aos aspirantes:

Publicación da acta de valoración da segunda fase para o concurso 001FX/22-23

SD SPDocente@usc.gal
Para Riveira Ruanova Daniel
16:38

Traducir mensaje a: Español | No traducir nunca del: Gallego | Preferencias de traducción

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC a acta da comision no concurso 001FX/22-23

Pode consultar a información completa da solicitude en:
https://probasaplicacions.usc.es/pspdi/publica/solicitude/4918/detalle

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

Exemplo de correo aos membros constituídos na comisión:

Publicación da acta de valoración da segunda fase para o concurso 001FX/22-23

S SPDocente@usc.gal
Para Riveira Ruanova Daniel
16:38

Traducir mensaje a: Español | No traducir nunca del: Gallego | Preferencias de traducción

Poño no seu coñecemento que se publicou no taboleiro electrónico da USC a acta da comision no concurso 001FX/22-23

Atentamente,

Servizo de Planificación de PDI
Universidade de Santiago de Compostela
http://www.usc.gal/profesorado

Os anuncios no Taboleiro da USC amósanse así:

## Últimos anuncios publicados

**14/04/2023** — **Acta final do concurso 001FX/22-23**

Acta final do concurso 001FX/22-23

**14/04/2023** — **Acta e valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23**

Acta e valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23

## Acta e valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23

Acta e valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23

### Documentos asociados

**Valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23**

- Ficheiro: 06_valoracion_segunda_fase.pdf.pdf↗
- Descrición: Valoración da segunda fase do concurso 001FX/22-23 (proxecto de actividades docentes)
- Pegada dixital: d125ba1ca1254839711f5f8982df379e4ff39aecc8be06ba0cf131dd185a3ae5 (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

**Acta da segunda fase do concurso 001FX/22-23**

- Ficheiro: 07_acta_segunda_fase.pdf.pdf↗
- Descrición: Acta da segunda fase do concurso 001FX/22-23 (proxecto de actividades docentes)
- Pegada dixital: e8f6f100dc70dbafef0298a10dc4b13381c839f91f1b7057a52424c2f212d981 (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

### Información da publicación

- Publicación dende: 14/04/2023
- Publicación ata: 11/10/2023
- Xustificante de publicación: https://probasaplicacions.usc.es/csv/35BE-1C2C-4153-9ECC↗

### Clasificación

- Categoría: Convocatorias de oposicións e concursos
- Tema: Convocatorias PDI
- Públicos obxectivos: persoal docente e investigador contratado, persoal de administración e servizos funcionario

# Acta final do concurso 001FX/22-23

Acta final do concurso 001FX/22-23

## Documentos asociados

### Acta final do concurso 001FX/22-23

- Ficheiro: 08_acta_final.pdf.pdf↗
- Descrición: Acta final do concurso 001FX/22-23
- Pegada dixital: b6c90a425fa1ed7a09e7ae4aa43b68ba64f42f894a7581288b0550a4d52609ab (SHA-256)
- Idioma(s): español, galego
- Acceso público

## Información da publicación

- Publicación dende: 14/04/2023
- Publicación ata: 11/10/2023
- Xustificante de publicación: https://probasaplicacions.usc.es/csv/E323-34DE-49A3-BF0E↗

## Clasificación

- Categoría: Convocatorias de oposicións e concursos
- Tema: Convocatorias PDI
- Públicos obxectivos: persoal de administración e servizos funcionario, persoal docente e investigador contratado

O Concurso queda finalizado para a Comisión a expensas de posibles reclamacións. Aínda que na versión actual da aplicación, a Comisión podería acceder de novo á 2º Fase do concurso e "**Editar acta**", é algo que NON deben facer si contactar primeiro con o Servizo de Planificación de PDI.

Na futura versión da aplicación, xa non será posible facer modificacións nas actas dun concurso cando estea publicada a Acta Final, a excepción de que o Servizo de Planificación de PDI "**Inicie procedemento de reclamación**" ou considere que a Acta publicada contén algún tipo de erro.

## H. ACORDO DE NON PROVISIÓN

No caso de que nun concurso ningún aspirante supere a 1º Fase ou a 2º Fase, a Acta Final presenta o acordo de NON PROVISIÓN.

## I. PROCESO DE RECLAMACIÓN

No suposto de que se presente reclamación ao concurso e a Comisión "pertinente" aprobe a modificación de algún dos méritos ou valoracións das solicitudes, o Servizo de Planificación de PDI habilitará de novo a **edición da Acta de 1º Fase do concurso**

A comisión, logo de ser informada, procederá a facer as modificacións indicadas nos méritos ou valoracións das solicitudes.

Si a modificación é na 1º Fase, o proceso é similar ao xa explicado neste manual para esa Fase.

Logo continuarán con a 2º Fase, xa que a modificación da 1º Fase implica tamén corrección e nova publicación da 2º Fase.

**Si a modificación indicada pola Comisión "pertinente" soamente afecta á 2º Fase do concurso, a Comisión deberá, aínda así, enviar a asinar primeiro a Acta de 1º Fase para poder acceder á 2º Fase do concurso.**

A diferencia con o proceso normal é que, agora, cando a Comisión envíe Actas a asinar ao portasinaturas, antes de que o Presidente e Secretario poidan asinar, as actas pasará por unha revisión do Servizo de Planificación de PDI e, si todo está correcto, un *visador* "habilitará" a Acta no portasinaturas para que xa poda ser finalmente asinada por Presidente e Secretario e publicar o novo anuncio no Taboleiro da USC.

Presidente e Secretario recibirán un correo cando o Visador teña habilitado o documento no portasinaturas para que eles poidan asinar.

No apartado "**Resumo do concurso**" aparece a indicación de todas as actas publicadas, tanto a última como as anteriores, con a ligazón para a súa consulta no Taboleiro da USC.